

O GALO QUIRICO

Texto de TAREIXA ALONSO

Ilustracións de ALICIA SUÁREZ

Encadernado en cartón. 22 x 22 cm. 40 páx. 14 €.

O galo Quirico (galego)

ISBN 978-84-8464-084-4. Os contos do trasno.


El gallo Quirico (castelán)

ISBN 978-84-8464-120-9. Libros para soñar.

*Había unha vez un galo, o galo Quirico,
que foi invitado á voda do tío Perico.
Como era moi presumido, arranxou ben as plumas,
a crista e mais o bico, e botou a andar lixeiro polo camiño...*

O galo Quirico ía á voda do tío Perico cando atopou un becho que lle pediu ir con el. En vez de levalo, o galo papouno inteiro e seguiu o seu camiño. Pero quedáralle o bico manchado... Non podía ir así á voda! Daquela, que podería facer este galo tan fachendoso? «O galo Quirico» é un conto popular de marcada estrutura rítmica; un texto de fórmula que xoga co verso e que mantén o aire fresco da oralidade. Trátase dun conto creado non só para ser lido, senón tamén para ser contado.

As ilustracións de Alicia Suárez son sinxelas e expresivas, ao tempo que aportan a novidade de localizar un conto tradicional nun ambiente urbano. A ilustradora propón unha novidosa lectura das imaxes, que contrasta co estilo narrativo clásico.



■ **Temática:** conto tradicional adaptado.

■ **Idade recomendada:** a partir de 5 anos.

■ **Aspectos destacables:** estrutura repetitiva e encadeada; ritmo narrativo; da ilustradora de «[A ratiña presumida](#)» (BATA) e da serie *Nicolás día a día*, publicados na colección [De fácil lectura](#) (KALANDRAKA).

■ **Avance do libro:**

<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/o-galo-quirico-g>

Tareixa Alonso

(Pontevedra, 1955)

Tras formar parte da Aula de Teatro da Universidade de Vigo, en 1997 integrouse no grupo de contacontos Pavís Pavós. Completou a súa formación dramática nas Xornadas da Educación de Pontevedra e na Escola de Verán de Madrid.

Alicia Suárez

(Pontevedra, 1974)

Licenciada en Belas Artes pola Universidade de Vigo na especialidade de Pintura. Dende 1998 compaxina a súa faceta de ilustradora co seu traballo de profesora de Ensino Secundario. Ademais de libros de literatura infantil, entre os que destacan a versión de «[A ratiña presumida](#)», a liña *Día a día* protagonizada polo personaxe de Nicolás -ambos para a colección [Makakiños De fácil lectura](#) (KALANDRAKA)- e a serie *Contos do Mundo* da ONG Solidariedade Internacional, tamén ilustrou libros de texto e carteis. Participou en exposicións colectivas e foi seleccionada para a Bienal de Bratislava 2005.

<https://kalandraka.tv/gl/videos/bata-30-anos-imaginando-futuros/>

www.kalandraka.com

comunicacion@kalandraka.com